



CIRCULAR INFORMATIVA 9/2024

1. NOVO REGULAMENTO DE PROCEDEMENTO DISCIPLINARIO DO CGAE: ENTRADA EN VIGOR O 02.09.2024

O Pleno do Consejo General de la Abogacía Española, na sesión do 28 de xuño de 2024, aprobou o novo Regulamento de procedemento disciplinario, que entrará en vigor o 2 de setembro de 2024.

Achegámosvos o texto en PDF.

2. BOLSAS PARA ASISTIR ÁS XII XORNADAS DE ABOGADOS E ABOGADAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Os días 26 e 27 de setembro terán lugar en Toledo as XII Xornadas de Profesionais da Avogacía de Violencia de Xénero, organizadas polo CGAE.

Como en anos anteriores, a Xunta de Goberno, na sesión do 08.07.2024, acordou conceder cinco bolsas, polo importe de 500 euros cada unha, dirixidas a sufragar os gastos dos colexiados e colexiadas que asistan a estas xornadas.

Bolsas: 5 bolsas de 500 € (2.500 € en total). No caso de que se reciban máis de 5 solicitudes de bolsa, o importe total destinado a esta partida será repartido proporcionalmente entre todos e todas as solicitantes.

Dirixidas a: colexiados/as exercentes residentes do ICA Santiago, con preferencia para os/as adscritos/as á quenda de violencia de xénero.

Solicitudes: por escrito, dirixido á seguinte conta: contabilidade@icasantiago.org

Prazo de solicitude: ata o 23 de xullo, ás 14 h

Aboamento: farase efectivo unha vez que se xustifique debidamente a inscrición e a asistencia ao congreso.

Información e inscrición: <https://www.abogacia.es/formacion/xii-jornadas-de-abogados-y-abogadas-de-violencia-de-genero/>

3. CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CADEA DE HOTEIS EUROSTARS

O ICA Santiago asinou un convenio coa cadea hoteleira Eurostars polo que os colexiados e colexiadas poderán obter un **desconto do 10 %** no prezo dos aloxamentos.

Este desconto poderá aplicarse directamente no momento de facer as reservas introducindo o **código promocional “ICASANTIAGO”**.